Galicia Encantada



Literatura oral

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Os sapos e o carro

Recreación de Xerardo Méndez

Blog: Outeiro dos Mouros

———

Antonio e José eran compadres. Coñecíanse de toda a vida: naceran por baixo de dúas patamelas veciñas, e alí botaron toda a vida, un a par do outro. Cando casaron, Antonio foi o padriño da Nicanora, a primeira filla do José, e Andrés, o primeiro fillo do Antonio, tivo ao José de padriño. Os rapaces, con tanto roce, acabaron casando, e puxeron casa do outro lado da caldeira, ao pé da parede norte. Antonio era tranquilo e sentencioso, o José era unha presa de aire, unha carriza, un furafollas simpático e fanfurriñeiro. Con tal contraste de raza non é estraño que foran compadres, e máis se temos en conta que tanto como a un lle gustaba a parola, ao outro gorentáballe a escoita, compoñendo así unha parella feliz.

Entrados xa en idade, Antonio daba en calar e José en rosmar. E máis que pegou a rosmar cando, unha primavera, deu en pasar polo camiño dos corgos un carro novo, que cantaba a todas as horas: de mañá cedo, cargado de esterco. De mediodía, cargado de outono. De media tarde, cargado de leña, se de tarde ou contra a noitiña, cargado de □ Aquelas apeladoiras fumegaban! E o señor José era un señor sapo que tiña por costume durmir ata ben entrada a mañá, botarlle outra soneca despois do xantar, e aínda topeneaba despois da merenda. Aquel renxer diario traíao de cabeza.

Dígoche que o hei envorcar! dicíalle, anoxado, ao seu compadre Un día destes non aguanto máis, chántome no medio do camiño, e xa pode dar volta ou se non, eu lla darei

Pero José dicíalle o Antonio- non ves que o carro do Matías da Pinguela cárgao agora o fillo, e que vai tan cargado de estrume que as pobres vacas case non o dan levado

Pois que pase á súa hora, que como me siga chimpando o sono

José

Compadre: o que che eu diga!

Aquela mesma tarde, atinou a sentirse, no cima do lugar, o canto do carro, a mesma hora que don José pegaba na sesta.

Este vai saber con quen trata -díxolle o José ao compadre, saíndo pola porta.

Marchou cara o camiño, e alí, vendo vir as marelas, coas molidas ben apertadas, a cabeza baixa, e rosmando polo baixo contra o fillo do amo que as traía naquel sinvivir, José colleu aire e pegou a inchar, a inchar, a inchar máis aínda que aquela vez que vira a morte nos ollos da cobra que se lle atravesara no camiño, de volta para a casa despois de visitar aos rapaces.

Has dar volta, ou unha ou outra- berrou, co ferro da roda a dous pasos da cabeza.

Antonio sentindo como se perdía na revolta a cantarena do carro, chamoou polo compadre:

Ai José! Vas ou ves?

Ai Antonio! Nin vou nin veño, que estou partido ao medio!

Quen mo contou: Roque Méndez Prieto (meu avó, en gloria estea; Gerardo Méndez Rodríguez, meu pai.

Onde: Lugar de As Barreiras, parroquia de San Xoán de Poboeiros, Concello de Castro Caldelas, un ano calquera entre o setenta e o oitenta. Hoxe, xuño de 2011, non vive ninguén neste lugar.

